

O PUZZLE DAS ÁRBORES DEPORTIVAS

Na zona de xardín do centro os alumnos / as, divididos en grupos de 4 ou 5, tratarán de atopar as pezas dun puzzle que conterá a foto dunha das árbores dos xardíns do colexio. Mediante diferentes pistas referentes a características das árbores, que xa coñecen polo traballo realizado na páxina web do centro con Amalia Casas e das que levan anotacións acerca das diferentes árbores (www.edu.aytolacoruna.es/centros/sfxabier/nosas_arbores.htm), e tratarán de atopar os pedazos de puzzle (que estarán escondidos en cartuchos de carrete fotográfico; en cada cartucho haberá varios pedazos da mesma peza, para que cada grupo, como se lles indicará na explicación do xogo, colla un só) e, unha vez rematada a búsqueda, compoñelo e tratar de averiguar pola foto e coa axuda da páxina web cal é a árbore que aparece. As pistas irán nun folio que se lle dará a cada grupo en diferente orde, para evitar que coincidan tódolos grupos no mesmo lugar.



Fotografía completa da árbore do puzzle (plátano)
Para facer o puzzle que aparece na páxina seguinte utilizamos o programa
BrainsBreaker

As pistas poden ser como as seguintes:

- Busca a árbore con froito que ten forma redondeada e vai recuberto dunha capa de espiñas punzantes e alí atoparás unha das pezas do puzzle
- Os chineses crián que o consumo das sementes desta árbore daba a lonxevidade. E aquí, antes de que te fagas vello e saibas se é certo ou non, busca outra peza do puzzle.
- Para atopar a seguinte peza do puzzle terás que poñer en marcha o teu sentido do olfato, posto que as follas desta árbore son perennes e teñen unhas células cargadas de aceite que lle dan un olor moi particular.
- O noso seguinte invitado ten unha madeira moi lixeira e é utilizada para embalaxes e pasta de celulosa; así que, busca na embalaxe que hai nesta árbore a seguinte peza.
- Da corteza desta árbore sacamos o elemento esencial na elaboración da aspirina. Evita dores de cabeza e atopa, o máis axiña posible, a outra peza.
- A fruta desta árbore é fácil de pelar e ten un zume moi aromático e doce. A peza que falta para completar o puzzle está moi preto.